

FICHA DE COMPILADOR



Nome: Xosé Luís Rivas Cruz

Data de nacemento: 1951-06-18

Lugar de nacemento: Pacios – Begonte

Biografía:

Nacín en Pacios – Begonte un 18 de xuño de 1951, estudiei bacharelato e maxisterio en Lugo. Formei parte do grupo folk Fuxan os Ventos desde os seus inicios no 1971 ata 1982, ano no que abandono o grupo. En 1984, xunto con Mero funde A Quenlla, grupo musical no que actualmente milito.

Exerzo a profesión de mestre no CPI de Boimorto, vivindo na parroquia de Brates do mesmo concello. Adícome no meu tempo libre, entre outros mesteres, a recoller todo tipo de mostras da cultura galega, preferentemente de tradición oral. Levo neste asunto desde o ano 1972. Publico con Mero os libros: *Contos de vellos para nenos*, *Somos Lenda Viva*, *Arredor da escola*, libro-disco de recolla de folclore de Nadal, *Cantos*, *Coplas e Romances de Cego I e II* e *Cantares de Reis*. Co colectivo Fuxan Os Ventos interveño no libro de folclore de Nadal *Galicia canta ao Neno* e, en solitario, *Boimorto, memoria dun silencio*, libro de temática sobre a Memoria Histórica. Son autor de máis de 70 cancións de temática galega, músicas para soporte de vídeos sobre a vida e obra dos poetas do País, cancións infantís...

Participo en charlas divulgativas do folclore e a etnografía de Galicia, cursos de iniciación, perfeccionamento e especialidade de Lingua Galega para mestres. Son membro da Mesa para a educación no rural...

E a pesar de todo aquí estou, aínda vivo e con vontade de dar moita guerra buscando a autoestima miña e das xentes da miña Matria.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades